



“DON VALERIANO: A vida, amigo Cañete, é un labirinto polo que mentres se é novo un se deixa estraviar por ver a onde leva. E para cando descobre que non leva a ningures, xa nos fixemos vellos e non hai quen acerte o camiño de volta. Es de Vilanova de Arousa?”

CAÑETE: Son.

DON VALERIANO: Berce de enormes talentos! Alí naceu o máis grande escritor deste século. Sabías?”

*Doentes* (1998)

# ROBERTO VIDAL BOLAÑO

(Santiago de Compostela, 1950 – 2002)

Foi un dramaturgo, actor e director de teatro galego. Desde moi novo desempeñou oficios variados, mais sempre orientándose cara ás súas paixóns: o cinema e o teatro. Traballou coa Agrupación Cultural O Galo e co grupo cinematográfico Reina Lupa, de Euloxio R. Ruibal. Fundou o Grupo de Teatro Antroido, que sería a primeira agrupación profesional de teatro galego, xunto con Xaquín García Marcos, e máis tarde a compañía Teatro do Aquí.


## GRANDES ÉXITOS



1976

*Laudamunco, señor de ningures* (1976) é a primeira obra representada polo grupo Antroido. Foi na VI Mostra Abrente de Teatro en Ribadavia, e supuxo a afirmación do colectivo na súa profesionalización. O texto, que mereceu o Premio Abrente, fai unha representación burlesca das formas de poder.

*Doentes* (1998) é unha obra de teatro ambientada na Compostela dos anos cincuenta. Nela dous personaxes vagan pola cidade tras seren botados do Hostal dos Reis Católicos, que deixa de ser o hospital que os acollía. En 1997 recibiu o premio Rafael Dieste.



1998

Outras das súas obras son *Bailadela da morte ditosa* (1992), *Días sen gloria* (1992) e *Saxo tenor* (1993).

“(...) convertiuse nun dos pioneiros do teatro profesional en Galicia. Promoveu e dirixiu o grupo “Antroido” no que interviu tamén coma actor.”

*Historia da literatura galega* (1984), Francisco Fernández del Riego

